



PATEANDO OUTES 2019

ANDAINAS POLO CONCELLO

REGULAMENTO

PARTICIPANTES

- O participante terá que encontrarse en perfecto estado de saúde para realizar esta actividade.
- Os participantes teñen a obriga de cumprir e atender as indicacións da organización.
- Os participantes teñen un seguro de accidentes. Os participantes teñen a obriga de comunicar a organización calquera incidente ou contratempo sufrido durante o percorrido **SEMPRE ANTES DE ABANDONAR A ACTIVIDADE**.
- En caso de abandono voluntario por parte do participante deberá ser comunicado á organización.
- O participante **NUNCA** debera saír do grupo sen ter avisado os compañeiros ou a organización.

CONSELLOS

- Levar telefono móbil a man e ca batería cargada.
- Levar roupa e calzado axeitado en concordancia co terreo e a meteoroloxía.
- Levar bastóns de trekking de telos que necesitar.
- A organización non se responsabiliza do deterioro ou perda de ningún obxecto persoal do participante.
- Todo aquel participante con alerxia a picaduras de insectos, polen ou vexetación deberá prevelo traendo consigo o que considere oportuno.
- Haberá botiquín con cousas básicas.

AVITUALLAMENTO

- En todas as andainas haberá un avituallamento intermedio de sólido e líquido.
- As persoas con algunha alerxia a algún alimento ten a obriga de preguntar os voluntarios no avituallamento para así poder evitar calquera reacción alérxica.
- Si hai posibilidade de duchas, farase saber.

RECOLLIDA DE DORSAIS E RECEPCIÓN DE PARTICIPANTES

- Farase no punto acordado a partires das 8:45 h e ata quince minutos antes da saída, entregando un número de dorsal o que indica a aceptación destas **NORMAS** estando así obrigados o cumprimento das mesmas.
- Prégase máxima puntualidade.

OUTRAS CONSIDERACIÓNS

- Calquera imprevisto xurdido durante a actividade terá que ser resolto pola organización e acatado polo participante ou grupo.
- A organización reservase o dereito a aprazar ou cancelar a actividade por condicións meteorolóxicas adversas con risco para os participantes.
- A organización reservase o dereito de poder modificar percorrido por risco do grupo.
- A organización pode facer uso das imaxes tomadas durante o percorrido para dar a coñecer a actividade nos medios que considere oportunos.

O DESCOÑECIMENTO DESTE REGULAMENTO NON EXIME DO SEU CUMPRIMENTO.